

Ola a todas e todos!!

Hoxe achegámosvos dúas propostas para ir facendo amodo, día a día, con esmero e con cariño ...como sabedes vós facer cando vos poñedes en serio. As dúas precisan da vosa creatividade plástica e literaria. Son as seguintes:

A MIÑA CAIXA DE VIDA

Unha caixa de vida é unha oportunidade para atrapar o máis importante do que levas vivido. Non é unha tarefa sinxela, terás que pensar ben que vas meter dentro dela. Non cabe todo, pero si o realmente imprescindible, querido, emocionante, inesquecible. Como se fai unha caixa de vida?

Primeiro dedica un tempinho a pensar: Cales son os momentos que máis recordas? Algunhas vacacións, algunha película, algunha canción, un xogo cos teus amigos e amigas, aquela vez que ... Que cousas estiveron sempre contigo? O boneco preferido, a entrada do cine, a postal que che enviaron, o teu lazo azul, algún cromó, unha pedriña ...Cales son as túas comidas preferidas? Os teus olores? As cousas que fan que te sintas máis feliz?

Fai unha lista. Pensa, pensa ben que queres meter na túa caixa.

Colle unha caixa de cartón, nin moi grande nin moi pequena. A caixa ten que ter unha tapa. Poderás decorala como queiras. Dedicar tempo a pensar como vas a facer esa decoración.

Agora dedica un tempo a pensar en cada cousa que vai formar parte da caixa: podes meter o obxecto enteiro, unha parte do mesmo, ou algo que o represente (por exemplo: un anaquiño de tea para simbolizar a manta que tanto che gustaba cando eras bebé, un botón do teu vestido preferido, unha réplica en papel da túa camisa preferida ...)

Elabora un texto no que contes a historia dese obxecto. Coida moito as palabras, a ortografía, a presentación. Garda o texto nun sobre ou dóbrao ben. Colócao co seu obxecto.



Cando volvamos ao colexio, poderás traer a caixa e compartila, se queres.



QUÉROTE, QUÉRESME.

Que importantes as persoas que nos queren, esas ás que nós queremos tanto, verdade?

Nestes días algunhas delas coidan de ti, acompañante a todas horas. Outras, pola contra, bótante de menos, porque non te poden ver. E ti tamén a elas.

Ímoslles facer un agasallo! Imos fabricar un libro, un álbum. Cada persoa nun folio. Por quen comezamos? É o mesmo. Por quen queiras: avós, primos, un amigo, a túa irmá ...

Pega unha foto ou fai un debuxo, ou as dúas cousas. Pode ser da persoa ou das cousas que para ti a representan: o seu bolso, o balón co que xogades, unha comida que che fai, os seus ollos ...

Escríbelle un texto que comece así: "Quérote e sei que me queres. Seino moi ben:" A continuación enumera, unha debaixo doutra, con frases curtas e fermosas, coma nun poema, esas cousas que che demostran o seu cariño, esas que che gustan tanto. Velaí un exemplo:

Quérote e sei que me queres. Seino moi ben:

Chámasme con mil nomes bonitos, poucas veces polo meu.

Sempre ris cando me abrazas, poste feliz ao me ver.

Na túa maleta, cando volves, sempre hai algo para min ...

Procura que cada folio quede ben ao teu gusto. Pega, debuxa, colorea, adorna e escribe con moito esmero. Deixa marxes suficientes porque, ao final, terás que elaborar unha cubertas e así construír o teu libro-álbum. (Adoitan quedar máis bonitos se usas os folios en sentido horizontal). Lembra poñer o título na cuberta.

O libro **Quérote, quéresme** pode ter catro, seis, oito follas. As que ti decidas. Tamén a **Caixa de vida** pode conter o número de obxectos que ti determines. Non é a cantidade o que os vai facer máis fermosos. Seguro que es quen de facelos moi ben. Lembra que, polo menos un deles, debería estar escrito en galego.

Non apures: Un día unha folla do libro; outro, un obxecto e a súa historia ...

Cando esteamos de volta no cole, se así o desexas, estaremos encantadas de velos.